REUNIÓN DA COMISIÓN 1.ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Día: 19.05.2017 Hora: 10:30

A Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de maio de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

1.1 6002 (10/POC-001044)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o cumprimento na actualidade do plan de modernización establecido no Real decreto 937/2003, do 1 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais, a información do Goberno galego respecto da situación existente nos xulgados da Parda, en Pontevedra, en relación cos labores de expurgación e almacenaxe de documentación escrita e dixital, así como a posibilidade de garantir a seguridade no seu tratamento e os resultados da expurgación que se está a levar a cabo nos xulgados galegos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

1.2 6611 (10/POC-001147)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre a relación de sedes xudiciais nas que está implantado o sistema electrónico de xestión de arquivos xudiciais, o prazo fixado para a súa extensión á totalidade delas e os beneficios que está a proporcionar aos operadores xudiciais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

1.3 6760 (10/POC-001174)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre as novidades que vai introducir o novo decreto regulador do socorrismo que está a tramitar a Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017

1.4 7592 (10/POC-001319)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre os datos referidos á actividade desenvolvida nos anos 2014, 2015 e 2016 polo Consello Consultivo de Galicia, e, en particular, a participación nela de un dos seus membros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017

1.5 8115 (10/POC-001409)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre as presuntas irregularidades detectadas na xestión de fondos europeos en Galicia e, nomeadamente, na dos correspondentes ao Plan Leader II no concello de Arnoia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017

1.6 8558 (10/POC-001508)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego ante o Goberno central para evitar o traslado ao Mediterráneo do único helicóptero que ten o Servizo de Vixilancia Aduaneira en Galicia, así como o desmantelamento deste servizo na comunidade autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 113, do 11.05.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en comisión

2.1 409 (10/PNC-000014)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e 12 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para promover de xeito inmediato unha aplicación informática que garanta o uso normal do galego na Administración de xustiza de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016

2.2 6725 (10/PNC-000678)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a consignación polo Goberno galego dunha nova partida orzamentaria para aumentar o persoal do Instituto de Medicina Legal de Galicia que presta servizos nos xulgados galegos, así como a dotación dun psicólogo permanente para asistir as vítimas a cada un dos xulgados con competencias en materia de violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017

2.3 8500 (10/PNC-000897)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación

coas deficiencias detectadas na xestión da plataforma informática do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112, así como os gastos de desprazamento ocasionados ao persoal, a consecuencia do traslado ás novas instalacións da Estrada
Publicación do acordo, BOPG n.º 112, do 10.05.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 1.ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

César Manuel Fernández Gil	P

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira	P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 19.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 19.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 6002(10/POC-001044)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o cumprimento na actualidade do plan de modernización establecido no Real decreto 937/2003, do 1 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais, a información do Goberno galego respecto da situación existente nos xulgados da Parda, en Pontevedra, en relación cos labores de expurgación e almacenaxe de documentación escrita e dixital, así como a posibilidade de garantir a seguridade no seu tratamento e os resultados da expurgación que se está a levar a cabo nos xulgados galegos

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:46
Nº Rexistro: 6002
Data envio: 02/03/2017 17:46:58.728

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Nos xulgados de A Parda (Pontevedra) non hai espazo nin persoal técnico especializado en expurgos para os arquivos e os documentos están esparexidos polo chan, almacenados en andeis, en mesas e en sitios de paso:

1. Non hai persoal especializado; nestes momentos, hai só unha persoa (bolseira) encargada dos labores de expurgo en todo o edificio.
2. Nos Xulgados de Primeira Instancia nº 2 e 5, as caixas moran debaixo das mesas dos traballadores e traballadoras e ata se ten habilitado un cuarto aparte para gardar a documentación.
3. E os letrados/letradas da Administración de Xustiza (os/as antigos/antigas secretarios/secretarias) non poden garantir así a seguridade no tratamento dos documentos.

Existe un Plan de modernización recollido no Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de Modernización dos Arquivos Xudiciais, no que se establecen criterios para ordenar os documentos e onde se recolle expresamente a necesidade de locais axeitados para toda a documentación (escrita e dixital). Incluso o vicepresidente da Xunta de Galicia fai gala sempre que pode do expurgo que se está a facer, non só en Pontevedra, senón tamén en toda Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Estase a cumprir o Plan de modernización recollido no Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:46
Nº Rexistro: 6002
Data envio: 02/03/2017 17:46:58.728

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

2. Ten coñecemento o Goberno galego da situación que existe nos Xulgados de A Parda (Pontevedra), con relación os labores de expurgo e almacenaxe de documentación, escrita e dixital?
3. Entende o Goberno galego que esta situación é a óptima?
4. Pensa o Goberno galego que esta situación permite aos/ás letrados/letradas da Administración de Xustiza garantir a seguridade no tratamento dos documentos?
5. Está satisfeito o Goberno galego co expurgo que se está a facer en todos os xulgados de Galicia?
6. Cales son os resultados deste expurgo?

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2017 17:41:42

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/03/2017 17:41:48

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2017 17:41:52

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 19.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 6611(10/POC-001147)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a relación de sedes xudiciais nas que está implantado o sistema electrónico de xestión de arquivos xudiciais, o prazo fixado para a súa extensión á totalidade delas e os beneficios que está a proporcionar aos operadores xudiciais

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 18:18
Nº Rexistro: 6611
Data envio: 14/03/2017 18:18:25.064

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Marian García Miguez,Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

A modernización da Administración de xustiza pasa, dun xeito inexorable, polo equipamento informático que permita o traballo telemático e o emprego de distintos programas de xestión procesual, cuestións que a Xunta iniciou co Plan Senda 2014 e continuará co Plan Senda 2020. Neste sentido é fundamental a renovación e distribución de novos equipos, que fagan máis doada a xestión do rexistro e reparto de asuntos, así como a renovación de equipos de impresión/multifunción que permitan escanear a documentación que legalmente siga a entrar en formato papel nos nosos órganos xudiciais.

Por outra banda e de forma relacionada co Plan Senda, o *Plan de expurgo e da organización dos arquivos xudiciais de Galicia*, necesita do impulso que permitan a xestión dixital dos arquivos xudiciais e dos depósitos de pezas de convicción, todo isto coa finalidade de estender gradualmente o sistema de xestión integral dos arquivos xudiciais a todos os órganos do Poder xudicial en Galicia.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Orais en Comisión:**

1. En qué sedes xudiciais está xa implantado o sistema electrónico de xestión de arquivos xudiciais?

2. Cal é o prazo marcado para a súa extensión á totalidade das sedes xudiciais galegas?

3. Que beneficios está proporcionando aos operadores xudiciais?

Santiago de Compostela, 14 de Marzo de 2.017.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 18:18
Nº Rexistro: 6611
Data envio: 14/03/2017 18:18:25.064

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 14/03/2017 18:14:54

María Ángeles Garcia Míguez na data 14/03/2017 18:15:15

María Isabel Novo Fariña na data 14/03/2017 18:15:47

César Manuel Fernández Gil na data 14/03/2017 18:16:25

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 14/03/2017 18:16:34

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2017 18:16:43

María Julia Rodriguez Barreira na data 14/03/2017 18:16:58

Jacobo Moreira Ferro na data 14/03/2017 18:17:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 19.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 6760(10/POC-001174)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as novidades que vai introducir o novo decreto regulador do socorrismo que está a tramitar a Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6760
Data envio: 16/03/2017 19:21:04.574

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Marian García Miguez,Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

Nos últimos días coñecíamos que o Vicepresidente da Xunta Alfonso Rueda, mantivo unha xuntanza con representantes da Fegamp, das tres universidades galegas, da Cruz Vermella e da Federación de Socorrismo de Galicia, co obxectivo de presentarlle o novo borrador do decreto de socorrismo unha vez escoitadas e recollidas as súas achegas.

Este borrador que modifica o anterior de 2012, pretende ser un decreto froito do diálogo e do consenso con tódolos colectivos implicados na materia de salvamento e socorrismo,cos Concellos, así cómo tamén recollerá as alegacións que a cidadanía estime oportunas presentar.

Premisas fundamentais do devantido borrador continúan sendo as maiores garantías de seguridade nas nosas praias e instalación acuáticas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Orais en Comisión:**

Que novidades incorporará o novo decreto regulador do socorrismo que está tramitando a Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de Marzo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 16/03/2017 19:18:30

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/03/2017 19:18:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6760
Data envio: 16/03/2017 19:21:04.574

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

María Julia Rodriguez Barreira na data 16/03/2017 19:18:55

María Isabel Novo Fariña na data 16/03/2017 19:19:12

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/03/2017 19:19:40

Alberto Pazos Couñago na data 16/03/2017 19:20:01

Jacobo Moreira Ferro na data 16/03/2017 19:20:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 19.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 7592(10/POC-001319)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre os datos referidos á actividade desenvolvida nos anos 2014, 2015 e 2016 polo Consello Consultivo de Galicia, e, en particular, a participación nela de un dos seus membros

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7592
Data envio: 04/04/2017 19:01:53.729

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Magdalena Barahona Martín, Paula Quinteiro Araújo, Luca Chao Pérez, Anxeles Cuña Bóveda, Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo e Davide Rodríguez Estévez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentar en **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.ª.**

O Consello Consultivo de Galicia, creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro, e regulado na actualidade pola Lei 3/2014, do 24 de abril, é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e, segundo a súa norma reguladora, *actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía dela, goza de autonomía orgánica e funcional, non estando os seus membros ligados por ningún mandato imperativo*.

Esta afirmación, recollida da Lei e que aparece publicada na web da institución, está sometida a cuestión nos últimos tempos pola forma en que o goberno manobrou para alterar a composición do seu persoal de apoio técnico, coa supresión do corpo de letrados/as do Consello, modificándoa por unha designación discrecional do Presidente, quen tamén poderá facer o propio coa Secretaría da institución, con categoría de persoal de confianza. E todo isto, inserido na Lei de acompañamento aos orzamentos de 2017, evitando na medida posible o debate político e social.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7592
Data envio: 04/04/2017 19:01:53.729

Esta perda de prestixio prodúcese nun contexto de crise económica e social que cuestiona o destino dos fondos públicos e a ética no desenvolvemento profesional dos nosos representantes políticos.

Se un ámbito debe estar presidido pola ética e a transparencia é o funcionamento dun órgano encargado de garantir precisamente a legalidade da actuación administrativa e a actividade regulamentaria, como sucede co Consello Consultivo de Galicia.

En relación a isto, as actas e os propios ditames revelan certas presenzas e certas ausencias dos membros do Consello Consultivo, dos que non obstante non consta que causasen baixa ou xustificasen ausencias por causa legalmente admitida.

Esta situación resulta especialmente significativa en relación a un dos membros permanentes do Consello Consultivo, D. Gerardo Fernández Albor, que é titular en categoría de expresidente da Xunta de Galicia.

As actas dan conta dunha ausencia xeralizada deste membro do CCG nos últimos anos, ata o punto de non aparecer en ningunha das actas de ditames, que consten públicos ou publicados.

Non consta, no entanto, que o Sr. Fernández Albor causase baixa por renuncia ao cargo, algo que podería facer e a Lei así llo permite.

Tampouco consta que o Sr. Fernández Albor deixase de percibir as retribucións que lle corresponden como consecuencia do cargo, malia a ausencia xeralizada e a abdicación global das funcións que lle encomenda a lei.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7592
Data envio: 04/04/2017 19:01:53.729

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Dado que Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é a que ostenta a competencia nas relacións con este órgano consultivo, formulamos as seguintes PREGUNTAS para resposta oral en Comisión:

1.ª) Cantas sesións ordinarias de traballo tiveron lugar no CCG nos anos 2014, 2015 e 2016? de todas elas, a cantas asistiu o Sr. Fernández Albor?

2.ª) Cal é a quenda de reparto de asuntos a cada membro do CCG nos anos 2014, 2015 e 2016? En cantos asuntos interveu de xeito efectivo o Sr. Fernández Albor?

3.ª) Cal foron as retribucións percibidas polo Sr. Fernández Albor como consecuencia do desenvolvemento do seu cargo nos anos 2014, 2015 e 2016?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/04/2017 18:57:14

Carmen Santos Queiruga na data 04/04/2017 18:57:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7592
Data envio: 04/04/2017 19:01:53.729

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Antón Sánchez García na data 04/04/2017 18:57:33

Marcos Cal Ogando na data 04/04/2017 18:57:44

Paula Vázquez Verao na data 04/04/2017 18:57:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/04/2017 18:58:03

Juan José Merlo Lorenzo na data 04/04/2017 18:58:07

Eva Solla Fernández na data 04/04/2017 18:58:10

Luca Chao Pérez na data 04/04/2017 18:58:13

Paula Quinteiro Araújo na data 04/04/2017 18:58:18

Magdalena Barahona Martín na data 04/04/2017 18:58:22

José Manuel Lago Peñas na data 04/04/2017 18:58:25

Francisco Casal Vidal na data 04/04/2017 18:58:29

David Rodríguez Estévez na data 04/04/2017 18:58:33

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 19.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 8115(10/POC-001409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as presuntas irregularidades detectadas na xestión de fondos europeos en Galicia e, nomeadamente, na dos correspondentes ao Plan Leader II no concello de Arnoia

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:09
Nº Rexistro: 8115
Data envio: 20/04/2017 12:09:55.360

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O Xulgado de Instrución de Ribadavia decretou recentemente a apertura de xuízo oral contra o ex delegado da Xunta en Ourense e ex alcalde da Arnoia, o popular Rogelio Martínez González. Con esta decisión ábrese unha nova fase nun proceso que leva vivo dende hai máis de 12 anos.

As continuas denuncias do Grupo Socialista e dos demais grupos da oposición contra o ex máximo representante da Xunta de Galicia en Ourense, recollen un presunto quebranto da lei na xestión de fondos procedentes do Plan Leader II, ao presuntamente certificar e cobrar axudas por obras que en realidade non se executaron. A iniciativa comunitaria Leader II actúa sobre ámbitos comarcais, naquelas zonas rurais con maiores problemas de desenvolvemento socioeconómico, en especial: despoboamento, envellecemento e baixo nivel de rendas. Os proxectos, iniciados entre 1999 e 2001, referíanse a unha planta de biomasa e cinco talleres no concello de Arnoia.

O Ministerio de Facenda xa detectou esas irregularidades e reclamou en 2007 os 51.963 euros que xestionou o Grupo de Acción Local Ceivam, presidido por Rogelio Martínez.

No procedemento están implicados tamén o ex concelleiro do PP de Arnoia, Gumersindo Álvarez Rodríguez; o arquitecto técnico municipal; tres empresarios locais; máis directivos de Ceivam; así como outros cinco demandantes de axudas para a construción dos talleres artesanais.

Segundo se recolle no relato dos feitos que describe o auto xudicial, o Grupo Ceivam era o encargado de tramitar axudas europeas para os investimentos particulares e en outubro de 1999 recibiu a solicitude do acusado Gumersindo Álvarez, que era concelleiro de Arnoia pero tamén administrador dunha empresa de actividades culturais que pedía unha subvención para construír unha planta de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:09
Nº Rexistro: 8115
Data envio: 20/04/2017 12:09:55.360

biomasa. Ceivam aceptou tramitala e o seu presidente, Rogelio Martínez, asinou o contrato de axuda para un proxecto de 78.000 euros. O beneficiario comunicou en marzo de 2000 que se iniciaban as obras e certificouse a construción dunha planta de biomasa e compra de maquinaria a pesares de que sabía que non se executara a nave, senón que se levou a cabo a reconstrución dun galpón nun monte comprado previamente polo Concello. O mesmo procedemento seguiuse coa maquinaria que non se chegou a comprar e todo iso, presuntamente, coa finalidade de obter a subvención.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a utilización dos fondos Leader II en Arnoia?

2ª) Comunicou o Goberno galego algunha irregularidade á Oficina Europea da Loita contra o Fraude (OLAF) a respecto da xestión dos fondos Leader II no Concello de Arnoia?

3ª) En caso afirmativo, en que data se realizou a dita comunicación?

4ª) Cantas irregularidades acerca da xestión de fondos europeos en Galicia comunicou a Xunta desde o ano 2009 ata a actualidade á Oficina Europea da Loita contra a Fraude (OLAF)?

5ª) A que proxectos se referían as ditas irregularidades detectadas polo Goberno galego, e comunicadas á OLAF?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/04/2017 12:02:02

Raúl Fernández Fernández na data 20/04/2017 12:02:10

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:09
Nº Rexistro: 8115
Data envio: 20/04/2017 12:09:55.360

Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/04/2017 12:02:20

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/04/2017 12:02:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 19.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 8558(10/POC-001508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego ante o Goberno central para evitar o traslado ao Mediterráneo do único helicóptero que ten o Servizo de Vixilancia Aduaneira en Galicia, así como o desmantelamento deste servizo na comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, 113, 11.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2017 10:30
Nº Rexistro: 8558
Data envio: 03/05/2017 10:30:32.802

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**,e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas a tomar para evitar o desmantelamento do SVA en Galiza.

Vimos de coñecer a través da CIG, Confederación Intersindical Galega, sindicato maioritario no SVA en Galiza, a intención da Dirección Xeral de Aduanas de trasladar o helicóptero con base en Vigo, ao Mediterráneo.

Actualmente o Servizo de Vixilancia Aduaneira só dispón dun helicóptero con base en Vigo, para toda Galiza. Agora tan só existe un helicóptero, con base en Vigo con moi poucas prestacións, alcanza unha velocidade de 140 nudos, autonomía de 3 horas e 30 minutos, área de rastreo de 350-400 millas e unha cámara de visión nocturna pouco eficiente. A modo de exemplo, para cubrir operacións na zona entre Fisterra e Sisargas, estas serían as distancias: de Vigo a Fisterra hai 54 millas, de Fisterra a Sisargas 50 millas, de Coruña a Fisterra 66 millas. Parece evidente que esta zona está na actualidade practicamente desprotexida de vixilancia aérea, si finalmente deixa de operar o helicóptero con base en Vigo, a zona desprotexida será de Fisterra a Vigo.

Á eliminación deste helicóptero con base en Vigo, que vimos de coñecer, súmase á eliminación no 2015 dunha embarcación de alta velocidade con base en Vilagarcía, o CalimboIII, de xeito que a ría de Arousa conta cunha soa embarcación, e polo tanto ten enormemente reducida a súa capacidade de actuación ao non ter relevo nas operacións. A isto hai que engadir a eliminación doutra embarcación de alta velocidade con base en Vigo e outra de tamaño medio na Coruña, tamén trasladadas ao Mediterráneo, e a eliminación de medios aéreos como era o avión Casa 212, que tiña base en Santiago e o helicóptero Dauphiné con base

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2017 10:30
Nº Rexistro: 8558
Data envio: 03/05/2017 10:30:32.802

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en Vigo, que dispoñía de boas prestacións, como unha boa cámara de visión nocturna e autonomía suficiente para facer seguimento das embarcacións rápidas das redes de narcotráfico. Si a isto lle sumamos que algunhas embarcacións teñen moita antigüidade, como é o caso da VA II, con base en Muros e o Alcaraván II con base en Ribadeo, que teñen 30 anos

Á redución de medios hai que engadir a eliminación da brigada de investigación e información que existía na Coruña e a redución tanto dos recursos humanos como a moi elevada media de idade dos cadros de persoal. Nos últimos anos foise reducindo de maneira moi notábel o número de efectivos, non se cobren todas as vacantes, non se incorporaron novos traballadores en varias especialidades, e tampouco houbo Oferta Pública de Emprego con prazas para o noso país.

Son moit@s @s profesionais que se están a xubilar por cumprir 65 anos, ou por solicitar a xubilación por ter anos suficientes de cotización para facelo. Moitas destas persoas por idade poderán solicitar non saír a navegar, atopándose con que non está desenvolvida a posibilidade de optar á segunda actividade, a pesares de contemplarse esta na Lei 66/1997 de 30 de decembro de Medidas Fiscais e Administrativas e de Orden Social, onde se recolle a reestruturación do Servizo de Vixilancia Aduaneira e entre outras cousas a segunda actividade.

Parece evidente que estamos diante dun desmantelamento do SVA en Galiza pola vía de redución de persoal e de medios materias, o que sen dúbida vai facilitar a actuación das redes de narcotráfico no noso país, nun momento onde as entidades que traballan na campo da loita contra o narcotráfico como na atención ás persoas con adicións manifestan que hai tanto un aumento do consumo como unha grande oferta no mercado, o que evidencia que as redes de narcotráfico seguen a introducir cargamentos.

O Bloque Nacionalista Galego, súmase á preocupación de outros colectivos de loita contra o narcotráfico polo desmantelamento progresivo dos recursos humanos e materiais dispoñíbeis en Galiza para a loita contra o narcotráfico e se esta pretensión se confirma, Galiza quedará aínda máis desprotexida de vixilancia na loita contra o narcotráfico, polo que diante de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2017 10:30
Nº Rexistro: 8558
Data envio: 03/05/2017 10:30:32.802

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

todas as medidas expostas tan prexudiciais para o control das costas de Galiza, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Ten coñecemento a Xunta de Galiza da intención do Goberno español de eliminar o único helicóptero do que dispón o Servizo de Vixilancia Aduaneira en Galiza?

-De ser positiva a resposta, ten realizado algunha actuación para evitalo?

-Ten realizado o Goberno galego algunha actuación diante do Goberno español para evitar o desmantelamento do SVA en Galiza ?

-Coida que coa redución constante de persoal, de embarcacións e de medios aéreos do SVA pode realizarse en Galiza unha loita efectiva contra as tramas do narcotráfico?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/05/2017 10:26:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2017 10:30
Nº Rexistro: 8558
Data envio: 03/05/2017 10:30:32.802

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 03/05/2017 10:26:25

Olalla Rodil Fernández na data 03/05/2017 10:26:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/05/2017 10:26:34

Xosé Luis Bará Torres na data 03/05/2017 10:26:38

Ana Pontón Mondelo na data 03/05/2017 10:26:42

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 19.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en comisión

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 19.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 409(10/PNC-000014)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 12 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para promover de xeito inmediato unha aplicación informática que garanta o uso normal do galego na Administración de xustiza de Galicia

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 409
Data envio: 21/10/2016 14:27:34.581

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro, **Luís Villares Naveira,** e por iniciativa das súas deputadas e deputados **Manuel Lago Peñas**, **Eva Solla Fernández**, **Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia, establece unha serie de medidas que se deben adoptar para garantir o pleno coñecemento e posibilidade de uso da lingua galega no seo da nosa sociedade, e insta aos poderes públicos competentes a desenvolvelas.

No eido do **ensino**, o Decreto 79/2010 que regula o uso das linguas oficiais no ámbito educativo sepárase do contido do PXNL, e igualmente da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia, xa que non asegura a escolarización na lingua materna, limita o número de materias que se poden impartir en galego por baixo do 50% e mesmo establece a prohibición de ensinanza na lingua propia de Galicia de disciplinas como as matemáticas. Esta situación implica ademais o incumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, como ten denunciado constantemente o Comité de Ministros do Consello de Europa na súa análise bianual de seguimento. As consecuencias desta prohibición son a perda constante de falantes de galego entre a xente máis nova, por unha causa crecente: o seu descoñecemento, por non

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 409
Data envio: 21/10/2016 14:27:34.581

quedaren o suficientemente formados no sistema educativo e a ausencia de espazos habituais onde falalo con normalidade.

Ante esta situación, a resposta só pode ser unha: a derrogación do Decreto 79/2010 e a aprobación dunha normativa que desenvolva o PXNLG, no marco da LNL e a CELRM, para o que instamos ao Parlamento para que o novo goberno galego cumpra neste eido cos fins estatutarios previstos no art. 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Igualmente, O PXNLG establece no eido da Xustiza, igual que a CELRM, a obriga das autoridades competentes de establecer os medios materiais para garantir a igualdade e a oficialidade lingüística do galego na administración de Xustiza, dotando ao seu funcionariado dunha aplicación informática que permita tramitar con normalidade en lingua galega. Arestora, a competencia e titularidade sobre a aplicación corresponde á Consellería de Presidencia.
En efecto, o Ministerio de Xustiza cedeu gratuitamente o programa MINERVA á Xunta con todos os dereitos de propiedade intelectual, de forma que a administración autonómica quedaba autorizada para modificar nel todo, non só introducindo documentos, senón modificando o conxunto da aplicación, entre outras cousas para adaptarse a unha versión bilingüe. Cando se asinou esta cesión o Ministerio xa advertiu á Xunta que dende ese momento eles serían os responsables da tradución, e que o Estado non podería facer esa xestión; item máis, consultada expresamente Intervención sobre este extremo, non autorizarían ese gasto, ao que tamén se oporía a Avogacía do Estado, dada a previa cesión gratuíta de dereitos sobre o programa. En consecuencia, a Xunta é dende ese momento a titular da aplicación en Galicia e a única facultada para modificalo ou traducilo .

Así o indicou de xeito oficial José Luis Hernández Carrión, Subdirector General de nuevas tecnologías de la Justicia do Ministerio de Xustiza, con ocasión

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 409
Data envio: 21/10/2016 14:27:34.581

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

dunha mesa de traballo titulada "*Papel cero: la situación real del proceso de digitalización de los órganos judiciales*" (Madrid, 4 de febreiro de 2016 na Sede do ICA de Madrid, no Comité Permanente de *Xuíces para a democracia*).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta ao novo goberno de Galicia a impartir as instrucións oportunas para **prover de xeito inmediato unha aplicación informática que garanta o uso normal do galego na Administración de Xustiza en Galicia**.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 21/10/2016 14:25:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 409
Data envio: 21/10/2016 14:27:34.581

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Vázquez Verao na data 21/10/2016 14:26:05

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/10/2016 14:26:09

Juan José Merlo Lorenzo na data 21/10/2016 14:26:14

Carmen Santos Queiruga na data 21/10/2016 14:26:17

Antón Sánchez García na data 21/10/2016 14:26:20

Eva Solla Fernández na data 21/10/2016 14:26:23

Luca Chao Pérez na data 21/10/2016 14:26:26

Paula Quinteiro Araújo na data 21/10/2016 14:26:29

Magdalena Barahona Martín na data 21/10/2016 14:26:31

José Manuel Lago Peñas na data 21/10/2016 14:26:34

Francisco Casal Vidal na data 21/10/2016 14:26:37

David Rodríguez Estévez na data 21/10/2016 14:26:40

Marcos Cal Ogando na data 21/10/2016 14:26:43

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 19.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 6725(10/PNC-000678)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a consignación polo Goberno galego dunha nova partida orzamentaria para aumentar o persoal do Instituto de Medicina Legal de Galicia que presta servizos nos xulgados galegos, así como a dotación dun psicólogo permanente para asistir as vítimas a cada un dos xulgados con competencias en materia de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 11:19
Nº Rexistro: 6725
Data envio: 16/03/2017 11:19:13.416

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de Xustiza moderna, esencial para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia.

E neste senso, a xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade e que, lonxe de se reducir, repunta. A loita contra a violencia machista precisa de actuacións integrais e transversais recollidas na Lei orgánica de 2004, que o Goberno da Xunta de Galicia ten discriminado orzamentariamente ano tras ano.

Garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais ha de ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a lei de 2004. Non obstante, e pese ao incremento dun 5,9 % de denuncias no primeiro semestre de 2016 e o número de asasinatos dende comezos de 2017, o persoal do Imelga en Galicia é moi escaso, pois sería necesario un psicólogo permanente para asistir ás vítimas en cada un dos xulgados. Ao que hai que engadir que o aumento de persoal e no orzamento para 2017 é absolutamente ridículo (30.000 euros máis no orzamento, 4 novos médicos/médicas forenses e 7 novos/as psicólogos/as e traballadores/as sociais para toda Galicia).

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 11:19
Nº Rexistro: 6725
Data envio: 16/03/2017 11:19:13.416

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aprobar unha nova partida orzamentaria (mediante unha modificación de crédito) para aumentar o persoal do Imelga que presta os servizos nos xulgados de Galicia.
2. Dotar a cada un dos xulgados con competencias en violencia contra a muller dun/dunha psicólogo/a permanente para asistir ás vítimas.

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/03/2017 11:15:25

María Luisa Pierres López na data 16/03/2017 11:15:31

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/03/2017 11:15:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/03/2017 11:15:42

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 11:19
Nº Rexistro: 6725
Data envio: 16/03/2017 11:19:13.416

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/03/2017 11:15:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 19.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 8500(10/PNC-000897)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas na xestión da plataforma informática do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112, así como os gastos de desprazamento ocasionados ao persoal, a consecuencia do traslado ás novas instalacións da Estrada

Publicación do acordo, 112, 10.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2017 10:48
Nº Rexistro: 8500
Data envio: 02/05/2017 10:48:43.006

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

O pasado día 18 de abril tivo lugar o traslado do servizo de emerxencias 112 (Centro Integrado de Atención ás Emerxencias CIAE 112) ás novas instalacións da Estrada. Segundo o comité de empresa, o traslado fíxose de maneira precipitada e temeraria, sen a necesaria formación do persoal e sen garantía do bo funcionamento da plataforma informática.

Por outra parte, ante o exercicio do dereito de folga por parte do persoal da empresa concesionaria da xestión do 112, a Xunta de Galiza impuxo uns abusivos servizos mínimos do 100%, que posteriormente foron reducidos aos 60% por decisión da xustiza.

As denuncias do comité de empresa víronse confirmadas logo do traslado xa que están sendo continuos os fallos no funcionamento da plataforma informática de xestión da atención telefónica, co conseguinte retraso no tempo de resposta. Esta situación púxose de manifesto en diversas ocasións ao longo dos pasados dias, nomeadamente como consecuencia dos incendios forestais e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2017 10:48
Nº Rexistro: 8500
Data envio: 02/05/2017 10:48:43.006

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

episodios de mal tempo. Para o BNG estes feitos son moi graves porque poñen en risco o funcionamento dun servizo fundamental como é o das emerxencias.

Ademais, o persoal reclama unha compensación económica polos gastos derivados do desprazamento até o novo centro da Estrada, que supoñen unha merma importante nuns ingresos quen na maior parte dos casos rondan os 1.000 euros ao mes.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición no de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Establecer unha vía de diálogo e negociación co comité de empresa do CIAE 112 para ampliar a formación do persoal no relativo á xestión da plataforma informática coa finalidade de mellorar o funcionamento do servizo.

2. Aprobar as medidas necesarias para compensar economicamente ao persoal do 112 pola merma de ingresos derivada do traslado ás novas instalacións.

3. Asumir as responsabilidade políticas derivadas dun traslado precipitado e sen as debidas garantías de bo funcionamento da plataforma informática coa que se xestionan as chamadas de emerxencias."

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2017 10:48
Nº Rexistro: 8500
Data envio: 02/05/2017 10:48:43.006

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2017 10:34:51

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2017 10:34:56

Olalla Rodil Fernández na data 02/05/2017 10:35:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/05/2017 10:35:04

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2017 10:35:07

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2017 10:35:09